

## BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DUN/UNHA DIRECTOR/A XERENTE PARA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. -TURISMO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

### 1.- OBXECTO DO PROCESO SELECTIVO

O presente proceso de selección ten por obxecto a cobertura do posto de xerente da empresa pública de titularidade do Concello de Santiago de Compostela INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. (INCOLSA). O vínculo formalizarase mediante contrato laboral de alta dirección ao abeiro do previsto no Real Decreto 1382/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral de carácter especial do persoal de alta dirección. Igualmente será de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

O/a director/-a xerente estará suxeito/a ao réxime de incompatibilidades recollido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. Este contrato non ten a consideración de persoal directivo segundo o artigo 85 bis 1.b) e o artigo 13 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, polo que calquera funcionario de carreira, persoal estatutario ou laboral público que sexa contratado/a como consecuencia deste proceso, deberá tramitar a súa correspondente excedencia voluntaria no seu posto de traballo.

### 2.- FUNCIONES DO POSTO

O/a director/a xerente desenvolverá as funcións e tarefas propias do/da director/a xerente establecidas no artigo 27º dos Estatutos da sociedade. Ademáis daquelas outras que de forma xenérica ou expressa lle confira o Consello de Administración de INCOLSA, segundo o previsto nos propios estatutos. A persoa que resulte seleccionada deberá asinar o contrato e incorporarse ao posto nun prazo máximo de 15 días dende o nomeamento polo Consello de Administración de INCOLSA.

### 3.- DURACIÓN DO CONTRATO

O contrato será de duración indefinida.

### 4. -RETRIBUCIÓNS

Cincuenta e tres mil tres centos noventa euros con sesenta e dous céntimos (53.390,62€) brutos anuais.

### 5.-PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, na páxina web do Concello de Santiago e na de Turismo de Santiago-Incolsa. Igualmente publicaránse anuncios no Faro de Vigo, La Voz de Galicia, El Correo Gallego, El Mundo e El País.

### 6.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E PRAZO

Para ser admitidas as solicitudes, deberán presentarse en sobre pechado, dirixidas ao Consello de Administración de INCOLSA. A presentación pode facerse de forma presencial nas oficinas

de INCOLSA, situadas na rúa do Vilar, núm. 63 de Santiago de Compostela, en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres, indicando en lugar visible no seu exterior a seguinte referencia: "Selección xerente de INCOLSA". O prazo para a presentación de solicitudes será de quince días naturais contados a partir do seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña. A presentación tamén pode facerse a través de correo certificado, neste caso deberá remitirse por correo electrónico, ao seguinte enderezo: admin@santiagoturismo.com, e antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes, unha copia da solicitude selada polo servizo de Correos, a esta copia selada deberá engadirse a relación individualizada dos méritos que se aleguen. O incumplimento de calquera destes requisitos non será enmendable, polo que suporá quedar fora do proceso para os/as aspirantes que non os observaran.

A solicitude deberá reunir todos os datos de identificación requiridos.

A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

As persoas aspirantes deberán presentar, xunto coa solicitude de admisión segundo modelo de instancia que se acompaña como anexo 1:

- Unha fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte,
- O Curriculum vitae,
- a documentación acreditativa dos requisitos establecidos na base 7 e dos méritos alegados, esta documentación será orixinal ou fotocopia cotexada.

Igualmente deberán presentar, xunto coa solicitude, en sobre pechado aparte, a Memoria Técnica á que se fai referencia na base 10.2.

O domicilio que figure nas instancias considerarase como o único válido para os efectos das notificacións e será responsabilidade do/a aspirante tanto os erros na súa consignación como a comunicación de calquera cambio.

Todos os documentos acreditativos dos méritos alegados que se deben acompañar á solicitude de participación deberán referirse a unha data anterior á finalización do prazo de presentación de instancias. Poderase recadar das persoas participantes na convocatoria aclaracións ou documentación adicional, cando da presentada non resulten dabondo acreditados os datos alegados en relación cos requisitos esixidos.

## 7 - REQUISITOS DE ADMISIÓN

7.1. Para ser admitida a candidatura á realización do procedemento de selección os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española, ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou ser nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españoles e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea sempre que non estean separados de dereito. Nas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuge sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou

maiores de idade dependentes. Así mesmo, poderán participar os estranxeiros con residencia legal en España.

b) Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitacións físicas ou psíquicas incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

c) Ser maior de 18 anos e non exceder a idade máxima de xubilación.

d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou de órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas.

e) Non se atopar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o emprego ou cargo públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de funcionarios, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral.

f) Estar en posesión dun título de grao ou licenciatura. No caso de que as persoas aspirantes posúan unha titulación académica estranxeira, para poder participar en no proceso selectivo, deberán ter homologado previamente o título de acordo co previsto na lexislación española.

No caso de equivalencia ou homologación, deberá xustificarse con certificado expedido por organismo competente para establecela.

g) Non encontrarse incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente.

h) Coñecemento da lingua galega. O coñecemento da lingua galega demostrarase mediante a aportación dun certificado oficial de estar en posesión do nivel CELGA 4 ou equivalente nesta lingua. Aquelas persoas que non se atopen en situación de poder acreditar mediante certificación oficial o devandito nivel de coñecemento da lingua galega, farán constar na súa instancia, debendo indicar na mesma que solicitan ser avaliados do nivel de coñecemento da lingua galega. As probas para acreditar o nivel adecuado de coñecemento de idiomas serán realizadas pola Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela ou centro público de cualificación equivalente. Esta proba de coñecemento de lingua galega puntuárase como apto ou non apto.

i) Coñecemento da lingua inglesa. O coñecemento da lingua inglesa demostrarase mediante a aportación dun certificado oficial de estar en posesión do nivel B2 ou equivalente nesta lingua. Aquelas persoas que non se atopen en situación de poder acreditar mediante certificación oficial o devandito nivel de coñecemento da lingua inglesa, farán constar na súa instancia, debendo indicar na mesma que solicitan ser avaliados do nivel de coñecemento da lingua inglesa. As probas para acreditar o nivel adecuado de coñecemento de idiomas serán realizadas pola Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela ou centro público de cualificación equivalente. Esta proba de coñecemento de lingua inglesa puntuárase como apto ou non apto.

l) Requírese un mínimo de cinco anos de experiencia profesional no sector turístico, xa se trate de empresas públicas ou privadas, entidades e organismos relacionados directamente co sector

turístico, dos cales, cando menos, dous deles foran desenvolvidos en tarefas directivas: xerencia, dirección, dirección técnica, coordinación xeral de servizos ou programas de planificación turística e outros 3 como técnico.

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación do informe de vida laboral ou certificado de aboamento de cotas ao réxime de autónomos se alegan servizos profesionais por conta propia, contratos de traballo por conta allea ou propia, ou acta de toma de posesión de cargos públicos ou funcionario público, se é o caso. Ademais, o/a aspirante deberá anexar un certificado de tarefas así como calquera outro documento que permita acreditar o cumprimento dos méritos asociados á experiencia laboral.

7.2. Os requisitos establecidos nos apartados b), d), e) e g) da base 7.1 acreditaranse mediante presentación de declaracíons responsables de que cumplen os termos establecidos. Os requisitos f), h) e i) da base 7.1 acreditarante mediante copia cotexada do correspondente título ou certificación acreditativa.

O tribunal non valorará aqueles méritos das persoas aspirantes que non estean acreditados, nin aqueles posteriores á data de nalización do prazo de presentación de solicitudes.

## 8. - LISTAXE DE ADMISIÓNNS

Tras a finalización do prazo de presentación das solicitudes de participación, o Presidente do Consello de Administración de INCOLSA aprobará as listas provisionais de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión.

A lista publicarase na páxina web de INCOLSA (<http://www.santiagoturismo.com>), e as persoas interesadas disporán dun prazo de tres días hábiles, contados desde o seguinte ao da súa publicación na páxina web, para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Unha vez resoltas as reclamacións pola presidencia do Consello de Administración, aprobarase a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, procedendo a sinalarse a data, lugar e hora na que se reunirá o Tribunal para a súa constitución e para a realización da primeira fase e segunda fase do proceso selectivo. Este anuncio publicarase na páxina web de INCOLSA.

Todas as publicacións referidas a esta convocatoria faranse ademais no taboleiro de anuncios de INCOLSA.

## 9. - TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal estará integrado polos seguintes membros:

- Unha persoa en representación do Concello de Santiago de Compostela, designada polo Consello de Administración de INCOLSA, que actuará en calidade de presidente/a (titular e suplente)
- Unha persoa en representación da Asociación de Hostelería de Santiago de Compostela, (titular e suplente)
- Unha persoa en representación da Cámara de Comercio de Santiago de Compostela, (titular e suplente)

- Unha persoa en representación do Centro de Estudos e Investigacións Turísticas, (CETUR), da Universidade de Santiago de Compostela (titular e suplente)
- Unha persoa en representación da Axencia Turismo de Galicia, nomeada pola súa Directora-Xerente, (titular e suplente).
- Unha persoa, representante sindical do persoal de INCOLSA, quen actuará con voz, pero sen voto, no proceso. (A representante sindical poderá delegar noutro/a traballador/a da empresa)
- Unha secretario/a, con voz e sen voto, cargo que será ocupado polo secretario ou o vicesecretario do Concello de Santiago de Compostela (titular e suplente),

Cada unha das entidades proporá un home e unha muller, para así dar cumprimento ao disposto no art. 16 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, corresponderalle ao Consello de Administración de INCOLSA, atendendo ao criterio de igualdade previsto nesta norma, determinar a composición exacta do tribunal, designando aos membros titulares e aos seus suplentes.

Os membros do tribunal elixidos por cada entidade representada deberán estar en posesión dun título de doutor/a, licenciada/o ou graduada/o universitario e non ser cargos electos. O Tribunal poderá ser asistido por persoal técnico que poderá participar tanto nas entrevistas como nas deliberacións, con voz pero sen voto.

O Tribunal non se poderá constituir nin actuar sen a asistencia da Presidencia e da Secretaría ou, se é o caso, de quen os substitúa, e de máis da metade, polo menos, das persoas membros con voz e voto.

En todo o demais, o Tribunal axustará a súa actuación ao previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para o funcionamento dos órganos colexiados e demais normas que lle poidan resultar de aplicación.

A composición deste Tribunal farase pública co acordo definitivo de admisión das candidaturas aos efectos do exercicio do dereito de abstención ou recusación.

No nomeamento do Tribunal terase en conta o establecido no artigo 16 da Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, procurando atender ao principio de presenza equilibrada entre ambos na súa composición. Así como o previsto na Lei 7/2004, do 16 de xullo para a igualdade entre homes e mulleres.

## **10. – PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN**

O procedemento de selección das persoas aspirantes efectuarase en dúas fases, outorgándose á primeira fase un máximo de 60 puntos e á segunda fase un máximo de 20 puntos.

### **10.1. - PRIMEIRA FASE (a un máximo de 60 puntos):**

Valoración dos méritos alegados por cada aspirante nos apartados de Formación, Experiencia profesional e Idiomas.

**A) FORMACIÓN**

**MÁXIMO 25 PUNTOS**

Outra titulación universitaria de Licenciatura ou Grao a maiores da esixida.	5 puntos
Máster oficial en Turismo que conte con 60 ou más créditos ECTS conforme ao Espazo Europeo de Educación Superior.	5 puntos
Máster oficial en Marketing ou Comunicación que conte con 60 ou más ECTS conforme ao Espazo Europeo de Educación Superior.	4 puntos
Master oficial en Administración e Dirección de Empresas que conte con 60 ou más créditos ECTS conforme ao Espazo Europeo de Educación Superior.	4 puntos
Master oficial en xestión de Recursos Humanos que conte con mais de 60 créditos ECTS conforme ao Espazo Europeo de Educación Superior.	4 puntos
Outras titulacións universitarias de Diplomatura.	3 puntos
Postgrao ou Curso Superior de Especialización Universitarios en materia de Administración de Dirección de Empresas, RRHH, Turismo, Comunicación ou Marketing.	3 puntos
Outros cursos universitarios de especialización vincellados ao sector turístico ou as tarefas intrínsecas a xestión, (contido mínimo de 50 horas lectivas).	2 puntos

**B) EXPERIENCIA PROFESIONAL**

**MÁXIMO 25 PUNTOS**

Experiencia como persoal directivo no sector turístico (base 7.1.I)	2 puntos por ano (a partir dos 2 anos mínimos esixidos), ata un máximo de 15 puntos.
Experiencia profisional como técnico/a no sector turístico (base 7.1.I)	1 punto por ano ou fracción (a partir dos 3 anos esixidos), ata un máximo de 5 puntos.
Experiencia como persoal directivo en sectores diferentes do Turístico	1 puntos por ano ou fracción ata un máximo de 10 puntos.

Para ser valorados estes requisitos de experiencia, en compatibilidade, deberá de tratarse do desenvolvimento de cargos diferentes, de concorrer ambas circunstancias, para o desenvolvimento do mesmo posto, valorarase a de maior puntuación.

A acreditación da experiencia profesional, deberá efectuarse mediante documentación fidedigna acreditativa dos extremos indicados (certificacións das empresas ou organismos, copias de contratos, vida laboral, etc.), presentando orixinais ou fotocopias cotexadas da mesma.

**C) COÑECIMENTO DE IDIOMAS**

Máximo 10 puntos

Inglés	Nivel C1: 2 puntos Nivel C2: 4 puntos
Segundo idioma estranxeiro	Nivel B2: 2 puntos Nivel C1: 3 puntos Nivel C2: 4 puntos
Terceiro idioma estranxeiro	Nivel B2: 2 puntos Nivel C1: 3 puntos Nivel C2: 4 puntos

Valoraranse únicamente como méritos computables, os títulos, diplomas ou certificacións de homologación do nivel de coñecemento alcanzado, expedidos por centros oficiais ou homologados para o ensino de idiomas que consten no Cadro de equivalencias do Marco común europeo de referencia para as linguas.

Non serán acumulables as puntuacións outorgadas a títulos ou diplomas inferiores dun mesmo idioma que sexan necesarios para a obtención do título superior do idioma computado. É dicir, só se valorará o Título de maior nivel de coñecemento alcanzado, en cada idioma.

Trala finalización da primeira fase, INCOLSA publicará na súa páxina web a listaxe provisional de candidaturas que accederán á segunda fase, concedendo un prazo de tres días hábiles para posibles reclamacións.

Unha vez finalizado o prazo indicado procederase a aprobar definitivamente por parte do tribunal a listaxe de candidatos/as e sinalarase data, lugar e hora na que se reunirá a Tribunal para a realización da segunda fase do proceso selectivo.

Este anuncio e sucesivos publicaranse na páxina web de Turismo de Santiago-INCOLSA.

#### 10.2. - SEGUNDA FASE (máximo 30 puntos)

Consistente na elaboración dunha memoria e entrevista de defensa da mesma.

Para acceder a segunda fase deste proceso deberá terse acadado un mínimo de 15 puntos na suma dos apartados A), B) e C) da fase primeira.

Esta segunda fase consistirá na valoración da memoria presentada e nunha entrevista que o Tribunal manterá con cada unha das persoas candidatas que superen a primeira fase, na que éstas presentarán e defenderán durante vinte minutos a memoria presentada.

##### **CONTIDO DA MEMORIA:**

As persoas candidatas deberán elaborar e presentar por escrito unha memoria que non supere as dez (10) páxinas na que presente unha visión xeral de Santiago de Compostela como destino turístico, facendo referencia á situación do sector turístico de Santiago de Compostela, á evolución do destino, debendo esbozar unhas liñas estratéxicas no eido da comunicación, a cooperación con outras administracións e operadores privados, o seu desenvolvemento sostible, así como o posicionamento internacional da marca Santiago de Compostela. A memoria deber recoller a estratexia de xestión a medio prazo da Xerencia de Turismo de Santiago no relativo aos diferentes apartados da mesma.

A memoria non poderá superar as dez páxinas de extensión, a interliniado 1,5, letra Arial, tamaño da fonte 11.

Unha parte da entrevista realizarase en inglés e/ou en calquera outro dos idiomas estranxeiros do que o/a candidato/a acredite coñecementos na primeira fase, así como en galego. A

entrevista poderá realizarse a través de videoconferencia en casos excepcionais e debidamente xustificados na solicitude.

Así mesmo, durante esta fase, a persoa candidata responderá ás preguntas do Tribunal sobre a súa formación académica, experiencia profesional e coñecemento xeral do mercado turístico e do destino turístico de Santiago de Compostela en particular.

O contido da memoria valorarase con ata un máximo de 15 puntos conforme aos seguintes criterios:

- Coñecemento da realidade xeral de Santiago de Compostela como destino turístico.
- Viabilidade da estratexia de xestión, entendida como unha adecuada identificación e tratamiento das condicións económicas, materiais, técnicas e humanas necesarias para afrontar as tarefas e conseguir os obxectivos propostos.
- Eficacia, entendida como grao previsible de consecución dos obxectivos e resultados propios da memoria.
- Eficiencia, entendida como relación existente entre os obxectivos e os recursos que se consideran para acadalos.
- Sustentabilidade da proposta de xestión en relación coa súa pervivencia no tempo.
- Impacto, efectos directos e indirectos, derivados da posta en marcha do plan proposto.
- Coherencia e grao de consistencia entre os diversos compoñentes da memoria en relación coa estratexia de xestión proposta.

A Defensa e exposición pública da memoria valoraranse con ata un máximo de 15 puntos de conforme aos criterios de calidade, exhaustividade e capacidade de comunicación pública dos e das aspirantes.

Aqueles/as aspirantes con diversidade funcional acreditada que desexen que as probas sexan adaptadas á súa condición, farán constar na instancia de solicitude, debendo indicar o tipo de necesidade de adaptación que precisa para poder realizar as probas en igualdade de condicións.

O Tribunal poderá declarar a non cobertura do posto de traballo se, motivadamente, ningunha das persoas candidatas obtivera nesta segunda fase polo menos 15 puntos.

## 11. - RESULTADO DO PROCESO E PROPOSTA

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas en cada unha das fases.

En caso de empate na puntuación total, dirimirase a favor da persoa que obteña maior puntuación nas distintas fases do procedemento selectivo e pola orde establecida nel (1º baremación de méritos; 2º defensa da memoria e entrevista).

De persistir o empate, resolverase a favor do/da aspirante que obtivese a maior puntuación na parte de experiencia laboral. Se áinda así persiste o empate, resolverase por sorteo.

Unha vez finalizado o proceso de selección, o tribunal publicará na páxina web e no taboleiro de anuncios de INCOLSA as puntuacións obtidas polos aspirantes con indicación do/da candidato/a seleccionado/a. Establécese un prazo de cinco días hábiles, desde a publicación, para presentar alegacións. A estimación ou desestimación entenderase implícita na resolución definitiva.

O tribunal elevará ao Consello de Administración de INCOLSA a proposta a favor do/da aspirante que obteña a maior puntuación. O nomeamento corresponde ao Consello de Administración de INCOLSA, de acordo co previsto no art. 26 dos estatutos desta sociedade pública. O resultado do proceso publicarase dito resultado no Boletín Oficial da Provincia.

De non se presentar solicitudes, de non cumplir ningunha das rexistradas os requisitos exixidos ou de ser considerado que ningún dos/das candidatos/as resulta idóneo para o posto, a convocatoria será declarada deserta mediante acordo do Consello de Administración de INCOLSA.

## 12.- INTERPRETACIÓN DAS BASES

Durante o proceso selectivo, calquera dúbida que xurda sobre o contido e interpretación das bases, cando ainda non se teña constituido o tribunal, será respondida polo Presidente do Consello de Administración de INCOLSA. Unha vez constituido o tribunal, corresponderalle a este resolver calquera dúbida que xurda sobre o contido e interpretación das bases, a aplicación destas normas, así como o que se debe facer nos casos non previstos.

Estas bases foron aprobadas polo Consello de Administración de Información e Comunicación Local, S.A. na súa reunión do día 11 de febreiro de 2016.

  
**Asdo. Martíño Noriega Sánchez**

Presidente do Consello de Administración

Información e Comunicación Local, S.A. – Turismo de Santiago de Compostela

**ANEXO 1.- MODELO DE INSTANCIA DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DUN/UNHA DIRECTOR/-A XERENTE PARA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. -TURISMO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

**Datos da persoa solicitante:**

Nome: ..... Apelidos: .....

DNI/NIF/NIE/PASAPORTE: ..... Data de nacemento: .....

Idade: .....

Nacionalidade: .....

Endereço: ..... nº: .....

Concello: ..... Provincia: ..... País: .....

Teléfono Fixo: ..... Teléfono Móbil: .....

Endereço electrónico: .....

**SOLICITA ser admitido ao proceso selectivo para o que se refire a presente solicitude, declarando expresamente que son certos os datos que nela consigna e que reúne cada un dos requisitos esixidos polas BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DUN/UNHA DIRECTOR/-A XERENTE PARA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. -TURISMO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, aprobadas polo Consello de Administración de INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. o día 29 de xaneiro de 2016 e publicadas o día**

**Documentación que se achega con esta solicitud:**

**a) Acreditación da formación requerida:**

Titulación universitaria de grao ou licenciatura. (copia autenticada ou orixinal)

**Acreditación do nivel de coñecemento dos idiomas requeridos:**

Galego: (CELGA 4) Achega certificado  ..... Solicita avaliación

Inglés: Achega certificado  Nivel Acreditado: ..... Solicita avaliación

**b) Acreditación da experiencia laboral requerida:**

Documentación acreditativa da experiencia laboral requerida de acordo coas bases.

**c) Outra documentación requirida:**

- Documento de identificación: fotocopia do DNI, NIE, pasaporte ou documento que acredite a nacionalidade.
- Curriculum Vitae coa documentación que acredite os méritos alegados.
- Memoria Técnica á que se fai referencia na base 10.2 das bases (en sobre pechado)

**d) Outros documentos:**

- Acreditación do coñecemento doutras lingua ademáis das requiridas:

Lingua: ..... Nivel acreditado:

Lingua: ..... Nivel acreditado:

- Outras titulacións a ser valoradas:

- Outros méritos e documentación achegados para ser valorados:

A/O abaixo asinante declara:

- Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitacións físicas ou psíquicas incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou de órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas.
- Non se atopar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o emprego ou cargo públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de funcionarios, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral.
- Non encontrarse incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente.

En ..... , a ..... de ..... de 2016

**Asinado:**

D./ D<sup>a</sup> .....

Ao abeiro do artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informase que os datos recollidos nesta solicitude resultan necesarios para o PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DUN/UNHA DIRECTOR/A XERENTE PARA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. -TURISMO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, aprobadas polo Consello de Administración de INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. o día 29 de xaneiro de 2016. Os datos facilitados considéranse exactos e postos ao día, ademais de pertinentes e axeitados, e serán incorporados ao ficheiro "Fichero de Personal", do que é responsable Información e Comunicación Local, S.A. O titular dos datos, responsable da actualización dos mesmos, consinte expresamente a súa publicación no taboleiro físico e virtual da empresa ([www.santiagoturismo.com](http://www.santiagoturismo.com)) e o seu mantemento por parte de INCOLSA durante un período de 3 anos dende o momento da súa recollida, sendo estes, requirimentos indispensables para participar no proceso selectivo. Non haberá máis cesións de datos agás no caso de que unha Lei o esixa. O interesado pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do tratamento na dirección Rúa do Vilar, 63, 15705 Santiago de Compostela (A Coruña).

No caso de que o solicitante facilite datos de terceiros, será o encargado de informar do contenido desta cláusula ao titular dos datos facilitados e con carácter previo á súa inclusión no devandito ficheiro.

No caso de que o/a participante solicite que lle sea tida en conta unha discapacidade recoñecida que lle permita fazer uso dos dereitos que a lexislación confire a tal circunstancia, autoriza



expresamente a que se indique este feito nas publicacións que se realicen como consecuencia do proceso selectivo.

A handwritten signature in blue ink, appearing to be a name, is positioned over two large, faint, overlapping circular outlines on the left side of the page.